



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

28 OCT. 2024 13:01:30

Entrada **46492**

Pregunta sobre o proxecto da subestación eléctrica Maciñeira

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita**.

O Consello de Ministros, na sesión do 16 de abril de 2024, aprobou as Modificacións de Aspectos Puntuais do Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte de Enerxía Eléctrica 2021-2026, conxunto de novas actuacións que se incorporan ao Plan de acordo co disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, nos seus artigos 4.4 e 4.6, que identifican as situacións que poidan motivar novas incorporacións na planificación actual, que inclúen, entre outras, a construción de determinadas instalacións na rede de transporte, contempladas no actual instrumento de planificación, e que se consideren fundamentais para a transición enerxética e a electrificación da economía.

No caso galego, nomeadamente no concello das Pontes, incluído nun Convenio de Transición Xusta, prevese unha nova subestación Maciñeira 400 kV, con 3 posicións, como entrada-saída da liña Boimente-Mesón do Vento 400 kV, para 2026, para consumo e xeración/almacenamento. Nesta zona, a única subestación que cobre as necesidades de conexión desde a rede de transporte é a subestación do Nó de Transición Xusta As Pontes 400 kV, que non é ampliábel e, segundo REE, tampouco ten capacidade de evacuación ou de xeración, situación que, a día de hoxe e despois de moitas demandas, aínda non ten unha explicación e xustificación por parte do MITECO, cando o Instituto de Transición Xusta, dependente de dito Ministerio, teno sinalado,

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

28 OCT. 2024 13:01:30

Entrada **46492**



xunto co seu concurso, como fortaleza e potencialidade no documento de diagnose para o aínda esperado Convenio da chamada Transición Xusta.

Segundo o MITECO, a xustificación da súa inclusión derivase da “necesidade de conectar un novo bombeo e novas demandas que, polo seu nivel de consumo eléctrico, requiren subministración directamente desde a rede de transporte. Porén, a Consellaría de Economía e Industria, nun informe do pasado mes de maio sobre as perspectivas industriais no concello das Pontes logo do peche da Central Térmica, sinalaba catro proxectos (a planta de produción de hidroxeno renovábel de H2POLE S.L., a fábrica de pneumáticos radiais de alto rendemento de SENTURY TIRE SPAIN S.L.U., a planta de biofibra branqueada de BIOFIBRAS DE GALICIA S.L.U. - GRUPO ENCE, e o centro verde de hidroxeno e amoníaco a partir de fontes de enerxías renovábeis de ESUH2 MJOLNIR S.L. - UNIVERSAL H2), cun investimento total de 1.127 millóns de euros e 994 empregos directos; tamén enunciaba dúas centrais hidroeléctricas reversíbeis e unha planta de acuicultura, todas no lago das Pontes.

Na actualidade, segundo Resolución da Secretaría de Estado de Enerxía do mes de xuño, a capacidade de acceso do nó Maciñeira 400 kV, xunto co resto reflectidos no anexo, está reservada para concurso e, en consecuencia, non poderá concederse aplicando o criterio xeral, recollido no Real Decreto 1183/2020, sobre a prioridade temporal segundo data e hora de presentación da solicitude de concesión da autorización de acceso e conexión ao xestor de rede. A capacidade publicada por REE é de 945 MW para Módulos de Xeración de Electricidade Sincronos e de 608 MW para os de Parque Eléctrico, con 94 e 61 MW reservados para autoconsumo en cada tipo de xeración, respectivamente.

Por todo o exposto, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Existe algún proxecto técnico para a subestación eléctrica Maciñeira 400 kV?



2. Cal éa situación física prevista da subestación eléctrica Maciñeira 400 kV e do trazado das liñas?
3. Cal é o procedemento para a súa tramitación e o tempo estimado?

Madrid, a 28 de outubro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita.**

El Consejo de Ministros, en la sesión de 16 de abril de 2024, aprobó las Modificaciones de Aspectos Puntuales del Plan de Desarrollo de la Red de Transporte de Energía Eléctrica 2021-2026, conjunto de nuevas actuaciones que se incorporan al Plan de acuerdo con el dispuesto en la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del sector eléctrico, en sus artículos 4.4 y 4.6, que identifican las situaciones que puedan motivar nuevas incorporaciones en la planificación actual, que incluyen, entre otras, la construcción de determinadas instalaciones en la red de transporte, contempladas en el actual instrumento de planificación, y que se consideren fundamentales para la transición energética y la electrificación de la economía.

En el caso gallego, concretamente en el Concello de As Pontes, incluido en un Convenio de Transición Justa, se prevé una nueva subestación Maciñeira 400 kV, con 3 posiciones, como entrada-salida de la línea Boimente-Mesón do Vento 400 kV, para 2026, para consumo y generación/almacenamiento. En esta zona, la única subestación que cubre las necesidades de conexión desde la red de transporte es la subestación del Nudo de Transición Justa As Pontes 400 kV, que no es ampliable y, según REE, tampoco tiene capacidad de evacuación o de generación, situación que, a día de hoy y después de muchas demandas, aun no tiene una explicación y justificación por parte del MITECO, cuando el Instituto de Transición Justa, dependiente de dicho Ministerio, lo ha



señalado, junto con su concurso, como fortaleza y potencialidad en el documento de diagnóstico para el aún esperado Convenio de la llamada Transición Justa.

Según el MITECO, la justificación de su inclusión se deriva de la “necesidad de conectar un nuevo bombeo y nuevas demandas que, por su nivel de consumo eléctrico, requieren suministro directamente desde la red de transporte. Sin embargo, la Consellería de Economía e Industria, en un informe del pasado mes de mayo sobre las perspectivas industriales en el Concello de As Pontes luego del cierre de la Central Térmica, señalaba cuatro proyectos (la planta de producción de hidrógeno renovable de H2POLEN S.L., la fábrica de neumáticos radiales de alto rendimiento de SENTURY TIRE SPAIN S.L.U., la planta de biofibra blanqueada de BIOFIBRAS DE GALICIA S.L.U. - GRUPO ENCE, y el centro verde de hidrógeno y amoníaco a partir de fuentes de energías renovables de ESUH2 MJOLNIR S.L. - UNIVERSAL H2), con una inversión total de 1.127 millones de euros y 994 empleos directos; también enunciaba dos centrales hidroeléctricas reversibles y una planta de acuicultura, todas en el lago de As Pontes.

En la actualidad, según Resolución de la Secretaría de Estado de Energía del mes de junio, la capacidad de acceso del nudo Maciñeira 400 kV, junto con el resto reflejados en el anexo, está reservada para concurso y, en consecuencia, no podrá concederse aplicando el criterio general, recogido en el Real Decreto 1183/2020, sobre la prioridad temporal según fecha y hora de presentación de la solicitud de concesión de la autorización de acceso y conexión al gestor de red. La capacidad publicada por REE es de 945 MW para Módulos de Generación de Electricidad Síncronos y de 608 MW para los de Parque Eléctrico, con 94 y 61 MW reservados para autoconsumo en cada tipo de generación, respectivamente.

Por todo lo expuesto, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:



1. ¿Existe algún proyecto técnico para la subestación eléctrica Maciñeira 400 kV?
2. ¿Cuál es la ubicación física prevista de la subestación eléctrica Maciñeira 400 kV y del trazado de las líneas?
3. ¿Cuál es el procedimiento para su tramitación y el tiempo estimado?

Madrid, a 28 de octubre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso